

Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal en réxime de interinidade, dun posto de xastre/a (ED.A19.40.901.15001.080)

Asunto: corrección de erros na resolución definitiva de persoas admitidas e non admitidas pola que se inclúe o seu pé de recurso

Con data 24.01.2024 publicouse na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais a Resolución do tribunal de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal en réxime de interinidade, dun posto de xastre/a, pola que se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e non admitidas no proceso.

De acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas: *As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

Advertidos unha serie de erros materiais na redacción do dito acordo,

Primeiro.- O seu punto primeiro pasa a ter a seguinte redacción:

*Primeiro.- Logo de que a Resolución provisional de persoas admitidas e non admitidas ao procedemento de selección fose publicada na páxina web da Axencia con data 15.01.2024 e non se formularan alegacións no prazo de 3 días hábiles concedido a tales efectos, elevar a definitivas as listaxes provisionais de persoas non admitidas e admitidas ao procedemento de selección, que se relacionan, respectivamente, no **Anexo I**, indicando a causa da súa non admisión, e no **Anexo II**, por orde de prelación segundo a puntuación obtida en función dos méritos alegados e en aplicación do baremo establecido nas bases do procedemento.*

Segundo.- O Anexo II, listaxe definitiva de persoas admitidas por orde de prelación da puntuación obtida, pasa a ter a seguinte redacción:

PERSOA SOLICITANTE	DNI	PUNTUACIÓN
Veites Pérez, Mercedes	***3709**	2,85
Ríos Bermúdez, Sandra	***9519**	2,3
Varela López, Víctor	***4180**	2,15
López Otero, Carmen	***6705**	1,85
Nogareda Cotelo, Ana María	***5287**	0,8



Terceiro.- Inclúese o seguinte pé de recurso ao acordo do tribunal de selección:

Contra este acordo, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal de selección

María A. Antón Vilasánchez

